



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) PARA A REALIZACIÓN DA ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN “Mellora da detección de toxinas en moluscos bivalvos para maximizar o fluxo de traballo en sistemas de control (MADeTOX)”. Código proxecto CIMA 17/01

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar co Consorcio Instituto Tecnolóxico para o Control do medio Mariño de Galicia “*INTECMAR*”, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende o 9 de xuño de 2017 ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o INTECMAR e a Consellería do Mar para a realización, xustificación e seguimento dos traballos de investigación da acción de investigación: “Mellora analítica da detección de toxinas en moluscos bivalvos para maximizar o fluxo de traballo en sistemas de control. (MADeTox)”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en diante INTECMAR) segundo o disposto na Lei 3/2004 de 7 xuño, dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle entre outras potestades administrativas, a aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura e concretamente o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción así





como a investigación para o coñecemento e control das patoloxias dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) pertencente á Consellería do Mar (en diante Consellería) exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente ás referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía segundo o disposto na disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOGA nº 239) e no artigo 9.2.4 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOGA do día 19).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 20 de setembro de 2017.

